

## CONOCE Y CAMINA 6 DE MAYO DE 2018: CIRCULAR DE ZOBRA

A ruta está encaixada na parroquia de Zobra, nun lugar privilexiado nos Montes do Testeiro en plena Serra do Candán, no extremo sur do Concello de Lalín. O Parque Natural da Serra do Candán e Zobra, e un dos espazos naturais galegos incluídos na rede ecolóxica europea NATURA 2000, conformando unha barreira duns 1000 metros de altura que pecha a comarca do Deza polo oeste.

Zobra sitúase dentro no triángulo dos sistemas montañosos formados pola Serra do Candán, Testeiro e Couto de Zobra. Está composta por un total de nove lugares (Azevedo, Portela, Trigueira, Portomartín, Cabana, Ameixedo, Liñeiras, Chedas e Zobra), espallados e cun marcado carácter montañoso. Ten unha densa rede hidrográfica con tres ríos principais o Deza, o Zobra e o Chedas. Os vales que surcan estes tres ríos lle confiren un gran valor paisaxístico e lle imprimen unha beleza realmente espectacular. As montañas circundantes dálle un carácter esgrevio, o pico máis alto de Zobra e o Monte Coco (969 metros).

O día 6 de maio, despois de tomar café preto de Lalín, o bus nos deixara en Zobra, onde parece que se para o tempo, pero onde ata hai ben pouco se aproveitaban os bosques, vendéndose a leña, facendo estacas para levar ó Ribeiro e a cambio traíase viño, aproveitábase a madeira dos carballos e as uces para facer carbón vexetal que despois se vendía e era empregado para alimentar os fornos que fundían despois o estaño extraído das minas de Zobra, sobre todo das do Lugar de A Trigueira e arredores, onde concentrouse unha importante actividade mineira da explotación do estaño, as primeiras actividades da zona datan do ano 1918, e tivo unha importante influencia socioeconómica debido a cantidade de recursos humanos que absorbía tal actividade, continuando no 1930, alcanzando o seu máximo esplendor nos 40 e 50, sendo a última concesión que se rexistrou na zona no ano 1973 caducando en 1992. Comercializábase tamén a casca dos carballos que servía para curtir as peles, tamén se aproveitaba a madeira dos vidos para facer zocos e apeiros para a labranza, e tamén as castañas para o autoconsumo das casas o que era unha das bases da alimentación da época. Así mesmo elabórase un dos mellores meles de Galicia. O mel de Zobra é un mel caseiro co sabor dos meles do pasado.

Percorreremos bosques de ribeira con amieiros, bidueiros, salgueiros e carballos, e mesturado o castiñeiro, hai presenza de arando e herbáceas entre a a que destaca a Arnica empregada en medicina e especie ameazada en Galicia, veremos tamén unha importante cantidade de especies de fentos, musgos, liques e cogumelos.

Comezando en Zobra dirección Acevedo colleremos pouco a pouco altura ata chegar a subestación do parque eólico, cos imponentes muíños que probablemente contribuíron a extinción do Bufo e a Agua Real, e que veremos e oiremos dende varios puntos da nosa ruta, a panorámica dende alí arriba e espectacular nun día con boa visibilidade, e con agradables vistas, cruce os dedos, alcanzaremos a zona de Campo Valiño.

Todo o que sube baixa así que seguiremos nun continuo descenso cara o lugar de Cabana e iremos vendo o lonxe pola nosa esquerda o río Deza, o seu nacemento está no lugar de As Antas preto da cima do Paraño e no se seu curso alto baixa fortemente encaixado abríndose paso polo canón que forman as serras do Testeiro e do Candán e discurre pola parroquia de Zobra, chega ao lugar chamado Ponte dos Medos, que nesta época de choiva esta somerxido, e continúa preto de Cabana e a Trigueira, recibindo logo pola dereita o río Zobra e o río Chedas, e pola esquerda o río Grovas e o rego do Candán.

Chegados o lugar de A Cabana poderemos contemplar as vistas dende unha pequena atalaia antes de tomar as pequenas curvas de baixada cara a zona elixida para comer e disfrutar, se o tempo nos acompaña, do fermoso lugar da “Chapacuíña de Ramiro”, un área de lecer moi agradable para o “kit kat” da nosa “camiñada”.

Sen ruído de tripas seguiremos ata chegar a outro pequeno lugar a aldea de Portomartín que sérvenos de punto de partida para volver a baixar cara o río e cruzalo nunha pequena ponte de madeira en moi bo estado e dende alí subindo de novo disfrutar dende media altura do río e de da vista de Portomartín a última aldea visitada e que merecen unha mini parada de observación ou foto.

Deixamos o lado esquerdo o río Deza dicíndolle adeus dende arriba para ir en busca do río Zobra o que acompañaremos e oiremos por camiños que irán variando a paixase ata chegar o rincón da ponte das trenzas e de alí ir subindo pouco a pouco para volver o noso punto de partida: Zobra, onde acaba a camiñata que esperamos os deixe con ganas de seguir explorando o Candán.

**Distancia:** 16 kilómetros

**Dificultad:** media-alta

**Desnivel:** subida y bajada 610 metros

**Recomendacións:** Debido a cantidade de auga e de pedras no camiño e imprescindible calzado de montaña, moi recomendable bastóns para algún dos tramos, e non ir por diante nunca do guía de cabeza xa que non sempre se van seguir as marcas brancas e amarelas que existen na ruta e que forman parte do PRG-188.

